

INDICE

1. Introducción

2. O proxecto lector e escritor do centro

2.1. Fundamentación e xustificación do proxecto

2.2. Obxectivos, principios básicos e compromisos

2.3. Estructura de coordinación, información e apoios

2.4. Planificación das actuacións xerais

2.4.1. Fases para a posta en marcha e o desenvolvemento do proxecto lector e escritor

2.4.2. Selección de libros e outros recursos documentais

2.4.3. Actividades e intervencións

2.4.4. Itinerarios lectores

3. A Avaliación

Introducción

P.L. contempla seis eixes de actuación que implican aos diferentes protagonistas da acción educativa, especialmente aos alumnos, aos profesores e ás familias, de modo que todos xuntos camiñen na mesma dirección e contribúan a fomentar no alumnado o hábito lector e a mellorar a súa competencia lectora. O desenvolvemento destes dous obxectivos básicos concrétase en que a lectura se converta nun elemento prioritario e nun asunto colectivo do centro educativo, das familias e da comunidade, todo iso enmarcada nunha serie de obxectivos e tarefas sobre os que traballaremos no Centro ao longo dos vindeiros cursos e que seguidamente referimos:

- Incluir en todos os documentos institucionais do Centro actuacións e obxectivos para mellorar no alumnado a adquisición dunha axeitada competencia lectora e fomentar o hábito lector.
- Implicar a todas as áreas e materias na responsabilidade do desenvolvemento da competencia lectora de todo o alumnado do Centro.
- Impulsar o ensino da lectura dende todas as áreas favorecendo enfoques integrais, prácticos e comunicativos.
- Potenciar a utilización de diversas fontes de información e documentación, así como de diferentes situacións comunicativas, tipos de textos, etc.
- Crear un clima lector en todo o Centro mediante a implicación de toda a comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.
- Organizar programas de reforzo que incidan na mellora da competencia lectora e no fomento do hábito lector no alumnado e relacionar os

programas que se desenvolvan no centro (Atención á Diversidade, Interculturalidade, Convivencia, etc) con estes obxectivos.

- Potenciar a utilización da Biblioteca Escolar e integrar o seu uso na organización do Centro, nas programacións didácticas de todas as áreas, etc.

- Dinamizar, na medida do posible, a lectura nas familias dende o Centro.

- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación como recurso didáctico para o desenvolvemento da competencia lectora e o fomento do hábito lector, mediante o coñecemento do Plan de Tecnoloxías da Información e a Comunicación e o acceso ao Portal Educativo, da Consellería de Educación.

- Potenciar a innovación dos procesos de ensino no campo da lectura mediante unha axeitada formación do profesorado.

Grande parte destes obxectivos e tarefas levaranse a cabo a través de diversas actuacións, entre as que destacamos: constitución dun Seminario sobre o P. L.; enquisas sobre a lectura a profesores e familias; modificación das programacións para adecualas aos obxectivos do devandito Plan; exposicións de libros (de Humor, Terror, Amor, Científicos...); elaboración e desenvolvemento de actividades que se relacionen co uso da Biblioteca; participación dalgúns profesores nun curso de formación no CEFORE sobre o P.L.; encontros con autores; conferencias; elaboración dun CD sobre libros científicos e matemáticos por parte do coordinador das TIC; edicións dos sucesivos números do boletín “O Curruncha do Saber”, etc, todas elas encamiñadas a converter a lectura nun dos eixes básicos do proceso de ensino/aprendizaxe.

A incorporación da lectura e a utilización dos recursos bibliotecarios estarán xa que logo entre os principais obxectivos das materias curriculares e de todas as áreas.

Para converterse en lectores para sempre, os alumnos e alumnas deben ter:

- Acceso a extensas coleccións de libros e outros materiais impresos actualizados, de calidade e de alto interese nas súas bibliotecas escolares, salas de clases e bibliotecas públicas; Contacto con adultos que lean en forma regular e ampla, e que sirvan de modelos lectores positivos.
- Profesores de sala de clases quen demostren o seu entusiasmo mediante a lectura en voz alta e a conversación acerca de libros.
- Tempo durante a xornada escolar dedicado á lectura por pracer, información e exploración...

O impulso de proxectos lectores nos centros ha de contribuír a crear oportunidades lectoras entre o alumnado por medio dun continuo ambiente de vivencias, interaccións, reflexións ao redor da lectura e desenvolver habilidades informativas, intelectuais e de uso dos recursos bibliotecarios. Agora ben, crear ambientes lectores e escritores non é estar permanentemente facendo actividades, senón procurar experiencias lectoras/escriptoras atractivas e propiciar as óptimas condicións (nas aulas a través da explotación dos recursos das seccións documentais específicas, en e coa biblioteca escolar, a biblioteca pública, a familia, a librería) para converter nun feito cotián a práctica lectora. A escola ha de ofrecer un modelo didáctico que propicie accións incitadoras da lectura dando paso a un currículo máis lector e menos gramatical/literario.

O proxecto lector do centro contemplará os elementos, condicións, actividades e intervencións ordenadas ao longo do curso encamiñados a promover e desenvolver a lectura en e desde o propio centro educativo.

A elaboración e posta en marcha por parte do centro educativo do proxecto lectore ha de contar cun alto grao de implicación do claustro e de participación da comunidade educativa. En consecuencia, require do traballo colaborativo e en equipo e leva actuacións tanto no propio aula como máis aló deste espacio e das intervencións dirixidas exclusivamente ao grupo clase.

O proxecto lector, impulsado polo equipo directivo, coordinado e implementado polo profesorado das diferentes áreas e apoiado pola biblioteca escolar procurará a creación de ambientes e momentos propicios (oportunidades lectoras e escritoras) ao longo do curso para que a práctica da lectura estea presente nas vidas dos escolares.

O afianzamento do hábito lector ao longo do período de escolaridade require dunhas mínimas condicións que permitan ao alumnado:

- atopar variedade de xéneros e soportes á hora de manifestar a necesidade e o desexo de ler. O centro ha de ofrecer diversidade de obras literarias e documentos para investigar, facilitar a creación, etc., mediante a configuración dunha colección variada .
- asesoramento bibliográfico. O profesorado responsable da biblioteca e do proxecto lector poderá atender á biografía lectora do alumnado de xeito personalizado.
- A posibilidade de informarse, documentarse e investigar, permitíndolle establecer relacións entre distintas disciplinas do saber e manifestacións culturais, adquirindo habilidades de traballo autónomo na utilización dos recursos dispoñibles dentro e fóra do centro, Ter oportunidades de compartir lecturas de textos literarios ou documentais de produción propia ou alleos en momentos específicos, facilitando instrumentos para crear/difundir escritos, creacións, argumentacións...,
- Dispor de momentos para asistir a presentacións de libros, revistas, encontros con autores, ilustradores, lecturas conxuntas, etc.
- Recibir orientación para dirixilo, segundo o seu perfil lector e intereses, a outras bibliotecas, a outros centros de documentación, a outros lugares e actos (teatro, cine, exposicións, concertos...).

- Utilizar autonomamente os servicios postos en marcha pola biblioteca escolar.
- Participar e beneficiarse dunha política global do centro ao redor da súa formación lectora.

A capacidade lectora consiste na comprensión, o emprego e a reflexión persoal a partir de textos escritos co fin de alcanzar as metas propias, desenvolver o coñecemento e o potencial persoal e participar na sociedade.

Todo ha de integrarse nun programa sistemático de actuacións ao longo de cada curso e incorporarse normalmente ao Plan Anual.

2. O proxecto lector do centro

O proxecto lector e escritor do centro, axustarase aos seguintes apartados:

2.1. *Fundamentación e xustificación do proxecto*

Ao longo destes cursos anteriores, e tamén no presente, estivemos a acondicionar no noso centro educativo a Biblioteca Escolar. O noso propósito esencial é conformar a Biblioteca do centro como un verdadeiro espacio de ensino-aprendizaxe ao servizo do conxunto da comunidade educativa, ao mesmo tempo que implicar no desenvolvemento e funcionamento da Biblioteca ao maior número de profesores e departamentos.

A partir destas dúas prioridades, formulamos a necesidade de que a Biblioteca Escolar se converta no auténtico eixe didáctico e vertebrador das numerosas e diversas actividades que no centro teñan lugar. Desexamos, pois, unha Biblioteca viva, de todos e para todos.

Para iso, un dos obxectivos esenciais que nos propoñemos é o de "fomentar nos alumnos o hábito e o gusto pola lectura", ademais de, entre outros, "impulsar nos profesores a necesidade de realizar cambios metodolóxicos que nos afasten das rutinas docentes".

A publicación deste "Plan Lector" en certo modo vén a institucionalizar parte da tarefa que veñen realizando un importante número de profesores deste centro ao longo dos últimos anos.

Agora somos máis ambiciosos e, traballando no marco do Plan Lector, pretendemos desenvolver, na medida do posible, as propostas de traballo que no devandito plan recolleremos. Nos vindeiros cursos e ao amparo do mencionado Plan Lector, un dos nosos obxectivos prioritarios será o de traballar a competencia lectora tal como quedou recollido na reunión do Departamento de Orientación do 29 de xaneiro de 2010. Pensamos que é unha competencia da que a maioría do noso alumnado ten carencias

significativas. E preciso atallar este problema nos primeiros cursos (1, 2, 3 e 4 de EP), afianzalo nos cursos intermedios (5 e 6 de EP) e fortalecelo ao máximo nos últimos cursos (ESO). Para intentar conseguir este gran obxectivo é preciso a implicación de todo o profesorado do centro e das familias. Traballando todos xuntos pensamos que lle podemos facer un gran ben ao noso alumnado.

Descrición das accións que o centro levou a cabo no ámbito do desenvolvemento lector, o afianzamento de hábitos lectores, as estratexias de comprensión lectora durante os últimos cursos; a abordaxe de documentos do currículo nos que se introduciu melloras respecto ao tratamento da lectura e a escritura en canto a metodoloxías e criterios de avaliación.

Análise das prácticas lectoras e escritoras do alumnado do centro, das súas experiencias literarias e do contexto no que habitan mediante aplicación de cuestionarios adaptados ás idades e outros instrumentos de consultas.

Análise da infraestrutura bibliotecaria e da colección libraría do centro (biblioteca central, departamentos, aulas?); descrición e directorio da infraestrutura de servizos públicos de lectura, centros culturais, librerías, etc., da contorna.

Coñecemento da formación e competencias dos docentes neste ámbito e detección de necesidades de formación do profesorado do centro para o desenvolvemento do proxecto lector e escritor co fin de planificar as actividades formativas en función das novas estratexias e metodoloxías de traballo no campo da didáctica da lectura e a escritura e o uso dos recursos bibliotecarios.

Resultados da aplicación das probas de avaliación de diagnóstico.

2.2. Obxectivos, principios básicos e compromiso.

➤ **Obxectivos**

Especificamos os obxectivos segundo os distintos eixes de actuación: currículo, enfoques didácticos e organización escolar, apoio e reforzo escolar, uso da biblioteca, contexto familiar e cultural, uso das tecnoloxías da información e da comunicación e, finalmente, formación do profesorado.

Consideramos conveniente traballar a fondo determinados obxectivos en detrimento doutros que nos parecen secundarios. Por conseguinte, en cada un dos eixes de actuación seleccionamos os seguintes obxectivos:

a) Currículo:

- Incluir nos documentos institucionais do centro as actuacións previstas para mellorar no alumnado a adquisición dunha axeitada competencia lectora.
- Implicar ao conxunto das áreas e materias na responsabilidade do desenvolvemento da competencia lectora de todo o alumnado.
- Establecer nas programacións didácticas de cada unha das áreas as estratexias metodolóxicas que se consideren axeitadas para o desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector.

b) Enfoques didácticos e organización escolar:

- Potenciar a utilización de diversas fontes de información e de documentación, e de diferentes situacións comunicativas, xéneros discursivos e tipos de texto, en distintos formatos e soportes.
- Crear un clima lector en todo o centro mediante a implicación de toda a comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

c) Reforzo e apoio educativo:

- Posibilitar no centro a organización de Programas de Reforzo que contribúan á mellora da comprensión lectora e ao fomento do hábito lector no alumnado.

- Contemplar, de xeito preferente, actividades relacionadas coa competencia lectora e a adquisición e desenvolvemento do hábito lector noutros plans e programas que o centro leve a cabo: Atención á Diversidade, Plan TIC...

d) Biblioteca:

- Favorecer e potenciar a utilización da Biblioteca Escolar e integrala tanto na organización do centro coma no desenvolvemento das programacións didácticas das diferentes materias curriculares, para contribuír á mellora da competencia lectora e ao fomento do hábito lector.
- Constituír o ámbito axeitado no que os alumnos adquiran as capacidades necesarias para o uso das distintas fontes de información, co fin de desenvolver aprendizaxes autónomas e integradas, a través da busca, experimentación e investigación.
- Colaborar con outras bibliotecas, institucións e organizacións, a finalidade das cales sexa a dinamización da lectura e a potenciación do hábito lector.
- Considerar, de xeito preferente, actividades relacionadas coa Biblioteca Escolar en proxectos e programas que desenvolva o Instituto.

e) Contexto familiar e cultural:

- Fomentar estratexias de sensibilización social sobre a Biblioteca Escolar.
- Espertar o interese da comunidade educativa pola lectura e a utilización crítica dos fondos da Biblioteca.
- Colaborar coas familias, municipios, medios de comunicación e outras entidades e institucións na dinamización da lectura.

f) Tecnoloxías da información e da comunicación:

- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación, especialmente Internet, como recurso didáctico para o desenvolvemento da competencia lectora e o fomento do hábito lector.

- Facilitar á comunidade educativa o coñecemento dos distintos plans da Consellería e difundir as súas aplicacións educativas e formativas no ámbito da lectura.

g) Formación permanente do profesorado:

- Favorecer a concienciación do profesorado sobre a importancia do seu papel como mediador nos procesos de desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector.
- Impulsar o intercambio de experiencias, materiais e recursos en relación co ámbito da lectura.

Ao ter o PLAN LECTOR un carácter novidoso, estamos abertos a calquera suxestión, proveniente de calquera membro da comunidade educativa respecto ao desenvolvemento do mencionado Plan.

➤ **Principios:**

- O centro educativo é un lugar de irradiación cultural.
- Se expón o ensino da comprensión lectora e a expresión escrita de modo interdisciplinar.
- A biblioteca escolar é un recurso imprescindible de apoio ao proxecto lector e ao desenvolvemento das estratexias de traballo.
- Todo o profesorado é responsable e implícase no proxecto lector nos niveis e áreas correspondentes potenciando a comprensión lectora, base de todo aprendizaxe.
- As intervencións ao redor da comprensión lectora e o desenvolvemento de prácticas lectoras vanse construíndo permanentemente, non só ao longo do período de escolaridade obligatoria.
- En todas as etapas educativas han de desenvolverse as competencias lingüísticas do alumnado, constituíndo unha tarefa principal do centro educativo.
- A comunidade participa nas propostas que emanan desde o centro educativo en pos do fomento lector e escritor.
- O centro produce coñecementos e xera materiais diversos para o desenvolvemento do proxecto lector.

- Se compensan desigualdades grazas ás políticas de préstamo, á apertura en horario extraescolar da biblioteca do centro, ao uso continuado das seccións documentais de aula e á complementariedade coa biblioteca pública municipal.

➤ **Compromisos:**

- O equipo directivo sensibiliza, innova, impulsa e sostén a filosofía do proxecto.
- Todo o profesorado do centro promove a lectura nunha liña consensuada e de referencia común de actuación.
- Se introducen como puntos da orde do día das reunións de ciclos ou departamentos aspectos relacionados co proxecto lector, favorecendo o bo desenvolvemento do traballo en equipo.
- Se inclúe nas programacións docentes a lectura como elemento transversal clave para o desenvolvemento de todas as materias e planifícase o uso dos recursos bibliotecarios.
- Se articulan protocolos de coordinación interna para a óptima implementación do proxecto de lectura e escritura
- Se establecen protocolos de coordinación entre os centros de primaria e os de referencia da educación secundaria no que a obxectivos e principios esenciais dos proxectos lectores e uso da biblioteca refírese.

2.3. Estructura de coordinación, información e apoios

Estructura organizativa de coordinación do proxecto. Determinación das tarefas do responsable de biblioteca, profesorado e equipos de alumnos e alumnas e configuración de grupos de alumnado, profesorado e sectores implicados na implementación do proxecto lector nunha primeira fase (nunha segunda fase, a participación do claustro habería de ser total).

A destacar entre as principais funcións do Coordinador:

Coordinar a Comisión de Biblioteca.

Convocar a Comisión de Biblioteca.

Representar a biblioteca ante o centro ou outros organismos públicos.

Dita **Comisión da Biblioteca** tamén terá as súas funcións pertinentes.

Destacamos:

- Asegurar a organización, funcionamento, mantemento e **correcta utilización dos recursos documentais** e da biblioteca do centro.
- Colaborar na **promoción da lectura** como medio de información, entretemento e pracer, programando e desenvolvendo actividades e programas de diversa índole.
- Recoller e analizar as propostas de **adquisición de equipamentos**, novos materiais e fondos documentais.
- Organizar e colaborar no **servizo de préstamo**.
- Organizar, participar e supervisar as tarefas relativas ao **tratamento do fondo documental**: informatización, etiquetaxe, forrado, reparación, etc.

Sempre que a Biblioteca estea aberta ao público deberá estar atendida por algún profesor/a o/a cal terá as seguintes funcións:

- **Supervisar** e manter a orde no recinto, así como do uso correcto dos fondos.
- **Atender** o servizo de préstamo.
- **Informar** e orientar aos usuarios e usuarias.
- **Manter** a orde dos documentos nas diferentes seccións.
- **Ordenar**, reparar e forrar os libros de nova adquisición.

- **Colaborar** no desenvolvemento de actividades dirixidas ao alumnado.
- **Atender** aos usuarios facilitándolles o acceso ás diferentes fontes de información e orientándoos sobre a súa utilización.
- **Colaborar** na realización de inventarios.

Os mecanismos para a circulación e difusión das accións do proxecto lector en coordinación coa biblioteca escolar (inclusión das producións escritas do alumnado, as noticias ao redor de determinadas actividades susceptibles de divulgación interna e externa, etc.) serán sobre todo:

- **Páxina web** do centro na súa sección de Biblioteca
- Boletín anual
- **Folletos** informativos

Terase que concretar detalladamente a colaboración con outros sectores (familia, biblioteca pública, outros...) e das colaboracións durante o curso.

A comezos de curso elaborárase un Orzamento de adquisición de materiais para equilibrar adecuadamente a colección central e a xestión da mesma.

2.4. Planificación das actuacións xerais

2.4.1. Fases para a posta en marcha e o desenvolvemento do proxecto lector e escritor

Segundo a análise de situación respecto da lectura e escritura realizada polo centro é conveniente realizar un proxecto a medio prazo considerando un período de varios cursos académicos (dous ou tres anos) e formulando varias fases para un desenvolvemento efectivo. Estas fases ou etapas para a posta en marcha e o desenvolvemento do proxecto lector e escritor requiren do traballo en equipo e dunha acción estratéxica e sistemática. Propomos unha planificación que contempla tres fases con carácter orientador.

Na primeira fase:

- Aseguramos a infraestrutura bibliotecaria, a selección, organización e automatización da colección para implementar o proxecto lector definido. Necesitaremos da organización adecuada de todos os recursos intelectuais centralizados na biblioteca escolar.
- Garantimos os recursos humanos responsables da coordinación dos labores bibliotecarios e de desenvolvemento do proxecto.
- Definimos con claridade os obxectivos, principios e compromisos que caracterizarán o proxecto.
- Realizamos a formación do profesorado máis motivado e interesado.
- Desenvolvemos algunhas accións xerais do proxecto lector e escritor.

Na segunda fase:

- É conveniente que algúns ciclos inicien a implementación dos proxectos lectores con intervencións nas aulas.
- Implicamos a todo o centro só nalgúns accións concretas do proxecto lector ao longo do curso.
- Abordamos a formación xeneralizada do profesorado en estratexias lectoras e escritoras e uso didáctico dos recursos bibliotecarios.

- Configuramos e pomos en marcha algunhas seccións documentais de aula.
- Implicamos aos pais e nais de alumnos e alumnas en actividades do proxecto lector e escritor

Na terceira fase:

- Xeneralizamos as seccións documentais de aula.
- Normalizamos as accións da biblioteca escolar, sendo o proxecto lector do centro o programa apoiado prioritariamente por aquela.

A posta en marcha do proxecto lector require contar con todos os recursos e espazos para a lectura existentes tanto no propio centro como no seu entorno. Así, é fundamental coñecer as posibilidades de intervención para favorecer a práctica lectora que se nos ofrece desde diferentes ámbitos:

- a biblioteca escolar coa súa capacidade de articulación dunha intervención global.
- as aulas, a través da creación de seccións documentais específicas para a implementación máis directa do programa de lectura,
- a familia, coa súa complicidade e apoio, e
- a biblioteca pública da zona, coa súa oferta plural e de libre acceso.

2.4.2. Selección de libros e outros recursos documentais

Selección de textos, libros e recursos documentais escritos, ilustrados e en liña para complementar e enriquecer os contidos dos manuais escolares que se utilizan no ensino das diferentes áreas e para garantir, no caso das lecturas literarias, a planificación dun itinerario lector para o alumnado durante toda a etapa de ensino obrigatorio. Independentemente dos textos incluídos nos manuais específicos hase de contar cun repertorio de libros adecuado ás idades, ás disciplinas do currículo e aos intereses culturais. Seguindo as categorías propostas polo profesor GARCÍA PADRIÑO (2005), dentro do repertorio de lecturas escolares que debemos de ofrecer ao alumnado,

ademais das correspondentes aos textos instructivos propios do libro de texto (entre estas lecturas atopámonos cos libros de textos de lingua e literatura que conteñen seleccións de textos da literatura e outros materiais como os libros de antoloxías literarias, os libros de lectura con fragmentos ao redor dun fío condutor e os libros de lectura literaria de creación orixinal dun autor por encargo dunha editorial para un plan lector concreto) hai que sinalar tres:

- os libros informativos (obras documentais, de referencia, de consulta, revistas?), fundamentais para complementar os contidos das áreas.
- as lecturas e libros recreativos, que posúen compoñentes literarios pero con finalidade informativa (libros - xogo, narracións biográficas, dramatizacións de obras literarias?)
- os libros de literatura infantil e xuvenil nos seus grandes xéneros: poesía, narrativa e teatro.

▪

A estas categorías é imprescindible engadir unha cuarta: os recursos electrónicos. É evidente que o uso de Internet xerou importantes cambios nos hábitos de escritura, lectura e acceso á información e ao coñecemento. Navegar pola Rede é ler. Chatear, participar en diversos foros, utilizar regularmente o correo electrónico é escribir. O desenvolvemento de Internet leva indefectiblemente ao desenvolvemento e expansión da lectura e a escritura neste medio (hipertexto). Por iso, desde a biblioteca escolar ha de levarse a cabo, unha rigorosa selección de recursos electrónicos educativos, obrigándose a unha actualización periódica. Esta selección de recursos electrónicos ha de estar centralizada pola biblioteca escolar, situada na sección de biblioteca de páxina web do centro educativo e para uso en liña polo alumnado e o profesorado.

Doutra banda, o proxecto PISA contempla unha tipoloxía de textos xa que á hora de avaliar a comprensión lectora non se pode ignorar que existen grandes

diferencias no comportamento dos lectores ante un mesmo texto e que, á súa vez, a comprensión dun mesmo lector varía amplamente en distintos tipos de textos. De aí a importancia de introducir nas probas de avaliación diferentes tipos de texto. PISA clasifícaos en textos continuos (organizados en oracións e parágrafos, isto é, escritos en prosa que á súa vez se clasifican en textos descritivos, narrativos, expositivos, argumentativos, instructivos e hipertextos) e en textos descontinuos (con organizacións diferentes: listas, formularios, follas informativas, avisos e anuncios, certificados, vales e cupóns, mapas, táboas, gráficos ou diagramas, etc.). Esta clasificación textual complétase coa finalidade do texto, isto é, cos seus diferentes tipos de utilización. PISA sinala catro tipos: uso persoal (novelas, cartas, etc.), uso público (documentos oficiais, informes, etc.), uso ocupacional (manual de instrucións, formularios, etc.) e uso educativo (libros de texto, exercicios, etc.).

2.4.3.Actividades e intervencións

Aínda que as accións principais do proxecto lector circunscríbense ao ámbito do aula a través da lectura guiada, a lectura comprensiva diaria, o contacto con textos diversos, as lecturas realizadas polo profesor ou por un ou varios alumnos ou alumnas, o diálogo e a conversación sobre determinados libros, a confrontación de puntos de vistas sobre as lecturas realizadas..., consideramos que as interaccións entre os membros da comunidade contribúen excesivamente a favorecer o ambiente lector do centro. Así, os proxectos lectores e escritores tamén poden contemplar e integrar, entre outras, actividades:

- de produción (talleres creativos, elaboración dun xornal, dun traballo documental, creación de grupos de lectores/escritores...),
- que potencien a utilización dos recursos dispoñibles no centro, nas bibliotecas públicas (explotación das seccións documentais de aula, formación do alumnado no uso dos servizos bibliotecarios, intervencións para o desenvolvemento de habilidades de información e de investigación?),

- de recepción de apoios externos (visita dun escritor, ilustrador, investigador, periodistas, etc.)

ACTIVIDADES POR CURSOS/CICLOS

Dentro do horario xeral das etapas de Infantil e Primaria estableceuse un horario concreto para dedicarlle ao PLAN LECTOR. Dita sesión coincide todos os días despois do recreo: 12:10 – 12:35 (25 minutos todos os días da semana).

EDUCACIÓN INFANTIL

	3-4 ANOS	5-6 ANOS
1	<p>COÑECER A BIBLIOTECA:</p> <p>O alumnado de Infantil vai a ter dúas ou tres sesións a primeira hora das mañás para familiarizarse co espacio propio da biblioteca. Estas sesións serviránlle entre outras cousas para:</p> <ul style="list-style-type: none">Coñecer a súa ubicación físicaFamiliarizarse coas normas de comportamento dentro dese espacioCoñecer a ubicación dos fondos propios de InfantilFuncións e usos dos carnés <p>Ditas sesións estarán a cargo das titoras destes cursos</p>	
2	<p>MOMENTO DE LER:</p> <p>Baixo esta denominación englobase 25 minutos de actividades relacionadas coa lectura de todo tipo de contos axeitados a súa idade. Contos que se atopan na súa aula e que cada alumno/a collerá libremente.</p> <p>Dentro de aula, sentados no seu coxín, ollean libremente en “silencio” os libros que quere. A maestra tamén lle un libro. (De fondo, música clásica).</p>	

3	<p>A ASAMBLEA:</p> <p>Todos os días, a primeira hora da mañá, levarase a cabo unha sesión dunha hora con actividades encamiñadas a estimulación da comunicación oral en colaboración coa profesora de audición e Linguaxe.</p> <p>Len o nome de todos os nenos – Len os días da semana e palabras baseadas no método de lectura de Glenn Doman para idades temperás.</p>
4	<p>Tódolos venres, a partir de outubro, cada nenos escolle libremente un libro para levar para a casa o fin de semana e compartir cas familias. Os pais participan cubrindo unha ficha e facendo un debuxo sobre o conto.</p> <p>Todos os luns, o regresar a aula, revisamos os contos e vemos os debuxos que fixeron os nenos xunto cos seus pais.</p> <p>No final de curso faise un libro recopilatorio para cada nenos/a con tódalas fichas dos libros lidos durante o curso.</p>

EDUCACIÓN PRIMARIA

PRIMEIRO CICLO		
	1º CURSO	2º CURSO
1	<p>COÑECER A BIBLIOTECA:</p> <p>O alumnado de Primaria vai a ter dúas ou tres sesións a primeira hora das mañás para familiarizarse co espacio propio da biblioteca.</p> <p>Estas sesión serviranlle entre outras cousas para:</p> <ul style="list-style-type: none">Coñecer a súa ubicación físicaFamiliarizarse coas normas de comportamento dentro dese espacioCoñecer a ubicación dos fondos propios de InfantilFuncións e usos dos carnés <p>Ditas sesións levaranse a cabo os martes na hora reservada ao Plan Lector</p>	<p>COÑECER A BIBLIOTECA:</p> <p>O alumnado de Primaria vai a ter dúas ou tres sesións a primeira hora das mañás para familiarizarse co espacio propio da biblioteca.</p> <p>Estas sesión serviranlle entre outras cousas para:</p> <ul style="list-style-type: none">Coñecer a súa ubicación físicaFamiliarizarse coas normas de comportamento dentro dese espacioCoñecer a ubicación dos fondos propios de InfantilFuncións e usos dos carnés <p>Ditas sesións estarán a cargo os mércores na hora reservada ao Plan Lector</p>
2	<p>Lectura libre por parte da profesora. Posteriormente farase un diálogo entre o alumnado con diversas preguntas e comentarios sobre o acabado de ler.</p>	<p>Lectura individual e silenciosa dos seguintes libros:</p> <ul style="list-style-type: none">“Xanela de cores” de Editorial Anaya“Pedro y el lobo” do Grupo Z“Lecturas amigas” de Santillana
3		<p>Lectura en voz alta de POEMAS e TRABALINGUAS cando aparezan nas distintas lecturas.</p>

SEGUNDO CICLO

	3º CURSO	4º CURSO
1	<p>COÑECER A BIBLIOTECA:</p> <p>O alumnado de Primaria vai a ter dúas ou tres sesións a primeira hora das mañás para familiarizarse co espacio propio da biblioteca.</p> <p>Estas sesión serviranlle entre outras cousas para:</p> <ul style="list-style-type: none">Coñecer a súa ubicación físicaFamiliarizarse coas normas de comportamento dentro dese espacioCoñecer a ubicación dos fondos propios de InfantilFuncións e usos dos carnés <p>Ditas sesións levaranse a cabo os xoves na hora reservada ao Plan Lector</p>	<p>COÑECER A BIBLIOTECA:</p> <p>O alumnado de Primaria vai a ter dúas ou tres sesións a primeira hora das mañás para familiarizarse co espacio propio da biblioteca.</p> <p>Estas sesión serviranlle entre outras cousas para:</p> <ul style="list-style-type: none">Coñecer a súa ubicación físicaFamiliarizarse coas normas de comportamento dentro dese espacioCoñecer a ubicación dos fondos propios de InfantilFuncións e usos dos carnés <p>Ditas sesións estarán a cargo os luns na hora reservada ao Plan Lector</p>
2	<p>LECTURA COLECTIVA:</p> <p>A finalidade é adquirir un nivel axeitado de fluidez lectora para acadar unha comprensión axeitada o cal incidirá no resto das materias dunha maneira positiva.</p> <p>Libro utilizado neste trimestre:</p> <p>“SEIS CON PE (Anaya) Lecturas 3 “¡Piratas!”</p> <p>Farase lectura silenciosa e en voz alta. Paralelamente, capítulo a capítulo, levaranse a cabo actividades de comprensión, expresión e plasmación de imaxes relacionadas coas distintas secuencias do que se vai lendo en cada capítulo.</p> <p>De entre todos os traballos de imaxes relativos ao libro escolleranse</p>	<p>LECTURA COLECTIVA:</p> <p>A finalidade é adquirir un nivel axeitado de fluidez lectora para acadar unha comprensión axeitada o cal incidirá no resto das materias dunha maneira positiva.</p> <p>Libro utilizado neste trimestre:</p> <p>“SEIS CON PE (Anaya)</p> <p>Farase lectura silenciosa e en voz alta. Paralelamente, capítulo a capítulo, levaranse a cabo actividades de comprensión, expresión e plasmación de imaxes relacionadas coas distintas secuencias do que se vai lendo en cada capítulo.</p> <p>De entre todos os traballos de imaxes relativos ao libro escolleranse</p>

os mellores para a exposición que se levará a cabo ao remate do trimestre. De todos estes escolleranse os dun alumno/a para incluílo na revista escolar e/ou no boletín da biblioteca en caso de facerse.

os mellores para a exposición que se levará a cabo ao remate do trimestre. De todos estes escolleranse os dun alumno/a para incluílo na revista escolar e/ou no boletín da biblioteca en caso de facerse.

TERCEIRO CICLO

	5º CURSO	6º CURSO
1	<p>COÑECER A BIBLIOTECA:</p> <p>O alumnado de Primaria vai a ter dúas ou tres sesións a primeira hora das mañás para familiarizarse co espacio propio da biblioteca.</p> <p>Estas sesión serviranlle entre outras cousas para:</p> <ul style="list-style-type: none">Coñecer a súa ubicación físicaFamiliarizarse coas normas de comportamento dentro dese espacioCoñecer a ubicación dos fondos propios de InfantilFuncións e usos dos carnés <p>Ditas sesións levaranse a cabo os luns na hora reservada ao Plan Lector</p>	<p>COÑECER A BIBLIOTECA:</p> <p>O alumnado de Primaria vai a ter dúas ou tres sesións a primeira hora das mañás para familiarizarse co espacio propio da biblioteca.</p> <p>Estas sesión serviranlle entre outras cousas para:</p> <ul style="list-style-type: none">Coñecer a súa ubicación físicaFamiliarizarse coas normas de comportamento dentro dese espacioCoñecer a ubicación dos fondos propios de InfantilFuncións e usos dos carnés <p>Ditas sesións estarán a cargo os venres na hora reservada ao Plan Lector</p>
2	<p>LECTURA COLECTIVA:</p> <p>A finalidade é adquirir un nivel axeitado de fluidez lectora para acadar unha comprensión axeitada o cal incidirá no resto das materias dunha maneira positiva.</p> <p>Libro utilizado neste trimestre:</p> <p>“SEIS CON PE (Anaya)</p> <p>Farase lectura silenciosa e en voz alta. Paralelamente, capítulo a capítulo, levaranse a cabo actividades de comprensión, expresión e plasmación de imaxes relacionadas coas distintas secuencias do que se vai lendo en cada capítulo.</p> <p>De entre todos os traballos de imaxes relativos ao libro escolleranse</p>	<p>TRABALLAMOS CO XORNAL:</p> <p>Todos os mércores entrégase a cada alumno un exemplar da Voz de Galicia.</p> <p>Teñen que escoller unha noticia e expoñela ao día seguinte na clase (Unha semana en galego e outra en castelán).</p> <p>Co fin de mellorar a comprensión lectora e o nivel cultural dos alumnos, utilízase o calendario que La Voz de Galicia publica o derradeiro mércores do mes.</p> <p>Da mesma maneira, bótase man das noticias máis axeitadas para Sexto que La Voz de Galicia publica os mércores no seu caderno “La Voz de la Escuela”</p>

	os mellores para a exposición que se levará a cabo ao remate do trimestre. De todos estes escolleranse os dun alumno/a para incluílo na revista escolar e/ou no boletín	
3		Lectura silenciosa con posteriores comentarios e actividades sobre o libro: "Oposicións a bruxa e outros contos"

EDUCACIÓN SECUNDARIA

1º CICLO

Na última reunión do Equipo de dinamización da biblioteca celebrada o curso pasado (2008/2009) acordouse que para o curso 2009/2010, e a modo de experimentación, en 1º da ESO se lle dedicarían ao Plan Lector 50 minutos que se farán coincidir coa hora que ditos cursos teñen establecida para a lectura nas distintas linguas. Concretamente este curso serían para 1ºA os luns de 12,50 a 13,40 e para 1ºB os martes de 15,35 a 16,25.

	1º CURSO	2º CURSO
1	<p>COÑECER A BIBLIOTECA:</p> <p>Todo o alumnado vai a ter dúas ou tres sesións para familiarizarse co espazo propio da biblioteca.</p> <p>Estas sesión serviranlle entre outras cousas para:</p> <p>Coñecer a súa ubicación física</p> <p>Familiarizarse coas normas de comportamento dentro dese espazo</p> <p>Coñecer a ubicación dos fondos propios de Infantil</p> <p>Funcións e usos dos carnés</p> <p>O horario reservado ao Plan Lector en 1º será o seguinte:</p> <p>1º A – LUNS A 4ª HORA(50 minutos) 1º B – MARTES A 6ª HORA(50 minutos)</p>	<p>COÑECER A BIBLIOTECA:</p> <p>O Todo o alumnado vai a ter dúas ou tres sesións para familiarizarse co espazo propio da biblioteca.</p> <p>Estas sesión serviranlle entre outras cousas para:</p> <p>Coñecer a súa ubicación física</p> <p>Familiarizarse coas normas de comportamento dentro dese espazo</p> <p>Coñecer a ubicación dos fondos propios de Infantil</p> <p>Funcións e usos dos carnés</p> <p>Ditas sesións estarán a cargo os venres na hora reservada ao Plan Lector</p>
2	<p>FACEMOS O NOSO LIBRO:</p> <p>Baixo este título englobábase unha serie de actividades encamiñadas a elaboración artesanal dun libro no que participará o alumnado de 1º - 3º e 4º da ESO.</p> <p>Concretamente ao alumnado de 1º da ESO corresponderalles a</p>	<p>A través do departamento de Lingua Castelá todo o alumnado levará a cabo lectura silenciosa unha vez a semana durante media hora. Os libros escóllenos eles libremente. Unha vez rematado dito libro teñen a obriga de realizar unha opinión personal sobre o libro así como unha pequena ficha.</p>

	<p>lectura do contido que vai a levar dito libro e que consiste en 4 poemas de Curros Enríquez da súa obra Aires da Miña Terra(Cantiga, Na chegada a Ourense da 1ª locomotora, O Maio e</p> <p>Posteriormente a lectura deben debuxar as distintas secuencias do que lles suxiren os distintos poemas.</p> <p>Na materia de Plástica realizarán os gravados correspondentes a cada imaxe para desta forma poder ilustrar o noso libro.</p> <p>Así mesmo, o/a profesor/a correspondente deberá realizar cos alumnos os exercicios de comprensión lectora que se lle entregará por parte deste equipo.</p> <p>Todo o material ilustrativo entregáraselle ao profesor de Plástica (Horacio) que será o coordinador deste proxecto.</p>	<p>Ofreceráselles a posibilidade de publicar dita opinión na Web do centro dentro do apartado da BIBLIOTECA. Deste xeito e pouco a pouco iremos elaborando unha colección de comentarios persoais de distintos libros feitos polo alumnado do centro.</p>
3	<p>Os primeiros 15 minutos daquelas sesións onde se produza a falta dalgún profesor serán dedicados a lectura silenciosa de todo o alumnado.</p>	<p>Os primeiros 15 minutos daquelas sesións onde se produza a falta dalgún profesor serán dedicados a lectura silenciosa de todo o alumnado.</p>

2º CICLO

	3º CURSO	4º CURSO
1	<p>FACEMOS O NOSO LIBRO:</p> <p>Seguindo co proceso de elaboración do libro, os alumnos de 3º da ESO, despois de ler os poemas co profesor de Lingua Galega, farán unha copia caligráfica e con plumilla dos citados poemas. Cada alumno deberá de facer unhas dez copias aproximadamente.</p>	<p>FACEMOS O NOSO LIBRO:</p> <p>Seguindo co proceso de elaboración do libro, os alumnos de 4º da ESO, despois de ler os poemas co profesor de Lingua Galega, serán os encargados da fabricación do papel a través do reciclado para que os de 3º fagan as copias. Como remate final do proceso eles serán os encargados da maquetación do libro.</p>
2	<p>A través do departamento de Lingua Castelá todo o alumnado levará a cabo lectura silenciosa unha vez a semana durante media hora. Os libros escóllenos eles libremente. Unha vez rematado dito libro teñen a obriga de realizar unha opinión persoal sobre o libro así como unha pequena ficha.</p> <p>Ofreceráselles a posibilidade de publicar dita opinión na Web do centro dentro do apartado da BIBLIOTECA. Deste xeito e pouco a pouco iremos elaborando unha colección de comentarios persoais de distintos libros feitos polo alumnado do centro.</p>	<p>A través do departamento de Lingua Castelá todo o alumnado levará a cabo lectura silenciosa unha vez a semana durante media hora. Os libros escóllenos eles libremente. Unha vez rematado dito libro teñen a obriga de realizar unha opinión persoal sobre o libro así como unha pequena ficha.</p> <p>Ofreceráselles a posibilidade de publicar dita opinión na Web do centro dentro do apartado da BIBLIOTECA. Deste xeito e pouco a pouco iremos elaborando unha colección de comentarios persoais de distintos libros feitos polo alumnado do centro.</p>
3	<p>Os primeiros 15 minutos daquelas sesións onde se produza a falta dalgún profesor serán dedicados a lectura silenciosa de todo o alumnado.</p>	<p>Os primeiros 15 minutos daquelas sesións onde se produza a falta dalgún profesor serán dedicados a lectura silenciosa de todo o alumnado.</p>

2.4.4.Itineraios lectores

Cada curso escolar a Comisión da Biblioteca elaborarán un itinerario lector para os distintos ciclos de Primaria e lecturas recomendadas para os distintos departamentos de Secundaria.

Estes itinerarios constarán da recomendación de distintos libros para cada ciclo coas súas pertinentes actividades para os alumnos e consellos sobre posibles actividades para o profesorado.

Poderán accederse a eles a través do enlace a páxina web do centro no seu apartado Plan Lector dentro da Biblioteca

3.- Avaliación do Plan lector.

Avaliarase a resposta por parte do alumnado e do profesorado, a adecuación dos materiais e os obxectivos acadados.

Cada trimestre pasarase un cadro aos ciclos e Departamentos para avaliar os distintos aspectos traballados do proxecto lector de centro.

Critérios :

1.- Con respecto ao alumnado:

- Adquire habito lector.
- Reparar carencias con respecto a competencia lectora (lectura en voz alta, correcta: expresividade, entoación, articulación, dicción, pausas, velocidade, ritmo....) e a comprensión dos textos desde o vocabulario ata o nivel estrutural.
- Mellora a expresión oral e escrita.
- Mostra competencia cultural e artística.
- Mostra actitudes críticas e reflexivas que lle axudan a desenvolverse non so no ámbito académico, senón tamén no ámbito persoal e social.

2. Con respecto aos materiais:

- Os materiais de consulta e apoio a lectura son suficientes.
- As lecturas son adecuadas a idade dos lectores.
- Abren vías de coñecemento nas distintas materias.
- Tratan temas de interese.
- Son entretidas.
- Teñen calidade literaria, riqueza e corrección expresiva.

3. Con respecto a resposta da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, biblioteca municipal e bibliotecas escolares da zona, editoriais...).

- Implicase nestas accións e participa nas actividades.